

ANUNCIO

Asunto: Información pública por prazo de dous meses a contar dende a publicación no Diario Oficial de Galicia da Aprobación Inicial da Modificación Puntual do polígono 2 do SAU 11 de conformidade co artigo 75.1 a) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Chan de Galicia, e co artigo 186.1.a) do Regulamento.

Este anuncio tamén se publica no xornal “El Correo Gallego” e na sede electrónica deste Concello [*dirección:* <https://sede.concellodemelide.org/gl/>]

A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 25 de maio de 2018 adoptou, entre outros, o seguinte ACORDO, que se publica en estrato:


PRIMEIRO. APROBAR INICIALMENTE a modificación puntual do polígono 2 do SAU 11 con base no documento presentado con data 14/05/2018 e nº rexistro de entrada 1420 por don Juan Carlos Casal Vázquez intitulado “Modificación Puntual Polígono 2 SAU11 Melide (A CORUÑA) APROBACIÓN INICIAL.” Promotor: Juan Carlos Casal Vázquez e Eladio Casal Vázquez. Situación: sector 2- SAU 11, 15800 Melide (A Coruña) redactado polo doutor arquitecto: Santiago Muñiz Gómez. A Coruña Maio 2018.

SEGUNDO. Abrir un período de información pública durante o prazo mínimo de DOUS MESES.

TERCEIRO. SUSPENDER O OUTORGAMENTO DE LICENZAS naqueles ámbitos do territorio obxecto do plan cuxas novas determinacións supoñan a modificación da ordenación urbanística vixente. (...) A duración da suspensión é de DOUS ANOS, a contar desde a aprobación inicial, extinguíndose, en todo caso, coa aprobación definitiva do plan. Ditas áreas afectadas pola suspensión son as seguintes: No epígrafe “PLANOS” do índice consta o punto 8.- “SUSPENSIÓN DE LICENCIA” do documento de aprobación inicial. Conforme ao documento de aprobación inicial a modificación puntual abarca o ámbito do solo urbano do POL-2 do SAU11, mantendo a súa delimitación e incorporando a ordenación detallada do polígono2. Será en este ámbito onde están suspendidas as licenzas trala aprobación inicial do orzamento. A delimitación da área recóllese definida no Plano 1 que consta no documento de aprobación inicial.

Durante o devandito prazo o expediente, poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais, para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

Melide, 19 de xuño de 2018



A alcaldesa
Dalia García Couso
ALCALDIA

